

# LIGA GALEGA DE NATACIÓN ALEVÍN

Tempada 2015 - 2016. Circular 15-12.

## 1.- Organización, datas e sedes

1.1.- A liga galega categoría Alevín celebrarase en sete xornadas de carácter local. Os clubs que para algunha xornada desexen cambiar de grupo, deberán solicitalo a través dos Delegados federativos, e será aceptado, sempre e cando non se exceda a duración máxima establecida de dúas horas e media para cada sesión.

1.2.- Cada xornada levarase a cabo nunha sesión, que comezará ás 11.00 se é matinal e ás 17.00 se se celebra pola tarde.

1.3.- Polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuaredes o quecemento.

1.4.- As datas serán as que figuran no calendario de natación para a presente tempada.

1.5.- As sedes para as xornadas locais serán designadas pola FEGAN de acordo cos clubs e delegados federativos.

1.6.- A competición poderá celebrarase en piscinas de 25 ou 50 metros.

## 2.-Programa de probas

1ª Xornada	2ª Xornada	3ª Xornada
1. 50 Costas Mas 2. 50 Costas Fem 3. 400 Libre Mas 4. 400 Libre Fem 5. 100 Braza Mas 6. 100 Braza Fem 7. 200 Estilos Mas 8. 200 Estilos Fem 9. 4x50 Libres Mas 10. 4x50 Libres Fem	1. 50 Braza Fem 2. 50 Braza Mas 3. 200 Libres Fem 4. 200 Libres Mas 5. 100 Estilos Fem 6. 100 Estilos Mas 7. 200 Bolboreta Fem 8. 200 Bolboreta Mas 9. 4x50 Estilos Fem 10. 4x50 Estilos Mas	1. 50 Libres Mas 2. 50 Libres Fem 3. 100 Bolboreta Mas 4. 100 Bolboreta Fem 5. 400 Estilos Mas 6. 400 Estilos Fem 7. 100 Costas Mas 8. 100 Costas Fem 9. 8 x 50 Libres Mixto
4ª Xornada	5ª Xornada	6ª Xornada
1. 50 Bolboreta Fem 2. 50 Bolboreta Mas 3. 200 Costas Fem 4. 200 Costas Mas 5. 100 Libres Fem 6. 100 Libres Mas 7. 200 Braza Fem 8. 200 Braza Mas 9. 6X(200-100-50)Libres Mixto	1. 100 Libres Mas 2. 100 Libres Fem 3. 400 Libres Mas 4. 400 Libre Fem 5. 200 Braza Mas 6. 200 Braza Fem 7. 100 Bolboreta Mas 8. 100 Bolboreta Fem 9. 200 Estilos Mas 10. 200 Estilos Fem 11. 8x50 Estilos Mixto	1. 100 Braza Fem 2. 100 Braza Mas 3. 400 Estilos Fem 4. 1500 Libres Mas 5. 200 Libres Fem 6. 200 Costas Mas 7. 200 Costas Fem 8. 4x100 Libre Mas 9. 4x100 Libre Fem

7ª Xornada		
1. 100 Costas Mas 2. 100 Costas Fem 3. 400 Estilos Mas 4. 800 Libres Fem 5. 200 Libres Mas 6. 200 Bolboreta Fem 7. 200 Bolboreta Mas 8. 4x100 Estilos Fem 9. 4x100 Estilos Mas		

2.1.- Establécese un descanso de 5 minutos antes das probas de remudas.

### 3.- Participación

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

- Masculino: nados 2002 - 2003.
- Feminino: nadas 2003 - 2004.

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e unha remuda como máximo en cada xornada.

3.3.- Cada clube poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba, coas seguintes excepcións:

- Nas probas de 400 libre, 1500/800 libre e 400 estilos, o número máximo de nadadores por club será de 6 por proba.

3.4.- Cada clube poderá presentar os equipos de remudas que desexe en cada xornada.

### 4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través de ISIS e a acta de preinscripción que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

### 5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo.

5.2.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral da liga.

5.3.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por clube en cada proba individual e un equipo de remudas, con independencia dos que participasen.

5.4.- A puntuación nas probas individuais será según puntos da táboa FINA.

5.5.- A puntuación nas probas de remudas será: 203, 200, 198, 197.....

5.6.- No suposto de que un clube teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba, só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados. Do mesmo xeito, nas probas de remudas só se terá en conta para os efectos de puntuación un equipo por clube.

5.7.- Nas probas de remudas mixtas os equipos estarán formados por 3 - 4 nenos e 3 - 4 nenas; aínda que para favorecer a participación poderán facerse de outra maneira (5+3,...) previa comunicación o Xuíz Arbitro da competición e estes consideraranse Fora de concurso (FC), non clasificando, ni computando na clasificación

5.8.- Nas probas de remudas 8x50 estilos e libres mixtos e 6x200-100-50 libres mixtos, deberán nadar de xeito alternativo un nadador en categoría masculina e unha nadadora en categoría feminina ou viceversa, nos catro estilos e/ou en cada distancia de competición.

## 6.- Resultados e clasificacións

6.1.- Tanto os resultados unificados (de todas as sedes) como as clasificacións serán realizados na FEGAN, para o cal os clubs organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN o máis axiña posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.2.- Os resultados de cada sede remitiranse á FEGAN a traveso do correo electrónico resultados@fegan.org e tamén ao correspondente correo electrónico de cada un dos clubs participantes.

6.3.- Realizaranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

## 7. - Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo ao clube que acadase a maior puntuación, atendendo á alínea c) do punto 6.3 sendo proclamado Campión da Liga Galega Categoría Alevín.

## 8.- Reclamacións

Nas competicións de natación de carácter territorial pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará formada por:

- a) O Secretario Xeral da FEGAN.
- b) Un representante dos Clubs participantes, elixido por sorteo.
- c) Un representante dos adestradores, elixido por sorteo de entre os pertencentes aos clubs participantes.
- d) O Xuíz Árbitro da Competición.
- e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

O sorteo dos compoñentes desta Comisión de Competición, celebrarase ao inicio da tempada, en data e hora que será anunciada con antelación, na sede da FEGAN, e antes do comezo das competicións.

A reclamación presentarase, como máximo, ata 48 horas despois de resolta a reclamación previa presentada ao xuíz da competición.

A reclamación resolverase, por parte da Comisión de Competición, como máximo 48 horas despois de ter coñecemento dela.

### RECLAMACIÓNS DE RESULTADOS

Calquera reclamación contra os resultados non se poderá levar a cabo logo de pasadas 48 horas dende a súa publicación definitiva.

A Coruña, 2 de outubro de 2015.

Secretaría Xeral FEGAN